

SEMANA DO 08 AO 12 DE XUÑO

Nesta semana imos a ver unidade oitava do curso, “Utilizamos máquinas”.

Como é unha unidade nova, imos a traballar nada máis que as cousiñas máis importantes. Primeiro explicamos un pouco como son as máquinas e logo facemos uns exercicios moi fáciles. Imos alá!

Que é unha máquina?

Unha máquina é un obxecto formado por unha ou máis pezas que funcionan xuntas para realizar un traballo.

Na actualidade utilízanse máquinas para realizar calquera tipo de traballo: o aspirador para limpar, o ordenador para facer traballos técnicos...



Distintos tipos de máquinas

Existen máquinas moi diferentes entre si:

- Hai **máquinas simples**, como as tesoiras e o martelo, que están formadas por poucas pezas.
- Outras máquinas, como o microondas e a bicicleta, son **máquinas compostas**: están formadas por moitas pezas.



Algunhas máquinas funcionan coa nosa forza.

Outras necesitan electricidade ou gasolina para funcionar.

O ordenador

O **ordenador** é unha máquina que nos permite escribir, debuxar, xogar, ver películas, escoitar música, conectarnos á internet...

Existen diferentes tipos de ordenadores, pero todos teñen as mesmas partes.



1. Para que utilizamos estas máquinas?



avión



teléfono



microondas



cámara

1. _____


2. _____

3. _____

4. _____

2. Escribe o nome de tres máquinas que utilices na casa.

3. Colorea as máquinas que funcionan con electricidade.



4. *Pensa e une.*



Máquinas
simples •

• Están formadas
por moitas pezas.



Máquinas
compostas •

• Están formadas
por poucas pezas.

5. *Completa.*

máquina automática

máquina manual


Unha bicicleta é unha

Unha moto é unha

6. *Rodea os compoñentes dun ordenador. Despois, completa.*



CPU



teclado



mando



impresora



rato



calculadora



monitor



tablet

Un ordenador ten varias partes: